



Pepe Couce Rey. Un cura dos obreiros

Xaquín de Roca¹

A vida de Pepe Couce Rey, bo amigo, bo home, bo sacerdote, sempre foi diante de nós coma un facho. Mostraba unha luz en alto, non cegaba encandeando, sabía alumear o camiño. Era un mestre de vida. Bo pedagogo. Congregaba arredor de si para emprender a camiñada. Non para ficar parados. Sabía volver atrás mentres os outros descansabamos. El atopaba tempo, silandeiramente, para recuperar a quen ficaba demorado, desanimado ou mesmo estaba en crise de abandonar. Tiña o don da oportunidade. Chegaba cando o necesitabas. Logo volvía á presenza discreta. Estaba aí e podías contar con el sempre, sen xulgar, coa aceptación incondicional e a consideración positiva da que nos fala C. Rogers. Tiña verdadeira empatía.

Coñeciámonos do Seminario de Mondoñedo. Desde ano 1954. Era un home culto. Foi moi bo estudante. E logo fixo estudos civís. Case ninguén o sabe. El formábase acotío para mellorar sempre o seu servir coa meirande capacitación. Todo un espello no que mirarse. Foi un amante da nosa cultura e defensor da nosa lingua galega. Non fanático. Pero si era clarividente. Sabía ben cal é a lingua que está a desaparecer e como a Igrexa non sempre sabe estar. Non estiven cómodo no seu funeral. Penso que el tampouco o quería así. No Bienio Irmandiño asinou unha acta notarial definindo como desexaba que fosen as súas honras fúnebres: en galego. Para a Palabra, en maiúscula, semella que Deus non fala

1 Xaquín Campo Freire é membro do Consello de Redacción da revista *Encrucillada*.

nin entende o galego. O galego, para os avisos e algún canto. Algo está a fallar. Pura diglosia. Temos que ser máis respectuosos. É tan difícil?

Logo temos coincidido moito en feitos e maneiras de pensar. Tiña un gran sentido do servizo e servizalidade aos demais. Unha grande entrega aos necesitados e humildes. Facía ben o ben e facíao caladiñamente. Había problemas e aparecían solucionados? Ninguén se preocupaba de saber como se arranxaran os conflitos ou quen achegara as solucións. Quen fixo posíbel isto ou aquilo? Non sabemos! Seguro que Pepe Couce pode dar pistas de como foi todo. Como é tan calado! «Que a túa esquerda non saiba nunca o ben que fixo a túa dereita». Era o seu carisma.

Foi o home da escoita activa. Non oía por oír. Non vía só por ver. Nin fuxía cando vía vir as dificultades que lle ían dar a roncha. El sabía ben a que se arriscaba. Porque, de parvo, o que tiña, ata lle cadraba ben. »Eu tampouco me dei conta«, dicía logo, para alentar ao outro con afecto. Sabíao reconverter para pórse ao igual do outro e imprimir confianza: «Anda, amigo/a. Ven, ánimo, que todos somos limitados. Todos temos fallos e momentos baixos!» E logo o seu eterno sorriso benevolente. Quen me dera!

Entendeu aquilo da Carta aos Efesios

Que o Deus de noso Señor Xesús Cristo, o Pai da gloria, vos dea espírito de sabedoría e de revelación no pleno coñecemento del. Que sexan iluminados os ollos do voso corazón, para que saibades cal é a real esperanza á que El vos chama, cales son as riquezas da gloria da súa herdanza nos santos. (Ef 1, 17-18).

Pepe Couce foi sempre un home de grande esperanza, con visión de futuro. Tiña o don de consello. Non che ditaba o que tiñas que facer. Axudábache a descubrir en por ti o propio camiño a seguir. Por iso, o seu era como un esvaecerse devagariño, silente. Pero seguía aí, velando, por se precisabas axuda e alento. Foi un mestre de vida. Fincaba no esencial. Non se perdía en superficialidades. Pero non humillaba. Imprimía calma e serenidade ata que un mesmo se decatara de que el tiña unha visión da vida

máis ampla, pero non desaparecía impaciente de cabo de ti. Estaba tendéndoches a man para reemprenderdes xuntos a próxima xeira. Grazas, compañeiro.

Sempre fixo comunidade de fe, compromiso e esperanza. En Cariño, en Castro. En Caranza, no Apostolado rural de Adultos, en Vida Ascendente coa ancianidade. Foi un moi bo profesor no IES S. Pedro de Leixa. Queríanlle os rapaces. E os profes. Era un gran mediador. Distendía as tensións. Creaba concordia.

O mundo obreiro foi consciente de seu acerto no acompañar e do seu compromiso real e vital. O complexo parroquial de Caranza sabe ben o que perdeu cando xa maior soubo saír discretamente. Como logo seguiu a facer en S. Xosé Obreiro, no Couto de San Martiño de Xuvia, en Santiago da Gándara, e Santa Icíá etc. E agora finalmente tamén.

A súa presenza activa no proxecto pastoral de Boa Nova da zona de Ferrol nos anos 65-85; a colaboración continua del e da xente que o acompañaba nas actividades do grupo *Encrucillada* desde a súa creación e situación en Ferrol no Barrio de Canido, apoiando a Engracia como secretaria; a asistencia aos Foros desde os distintos destinos que tivo sucesivamente; as peregrinacións, sen faltar nunca, ás Romaxes de Irimia con grupos de xente en ómnibus etc. son outros tantos indicadores ben claros do seu talante de crente e pastor e da participación e animación comunitaria.

Querido Pepe, impresionoume o teu pasamento. No funeral, en Santa Icíá, estiven meditando naquela frase do Padre Llanos, a quen nós temos querido tanto: «Disculpad si he molestado». Así fuches ti. E así te nos fuches: de súpeto e silandeiramente. Hoxe estiven no lugar do accidente, por mor dun futuro acto pastoral. E alí profeseiche agradecemento e admiración. E rezamos xuntos. Unímonos á dor e á soidade da túa irmá.

Grazas, amigo. Non tardaremos en vernos. Querémoste!

Unha aperta e moita gratitude.

Xaquín de Roca